



INSTRUCCIÓN 1/2021

Asunto: Desenvolvemento do Plan de Inspección Urbanística da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística: obxectivación do concepto de obras consideradas de escasa entidade para a concreción dos criterios prioritarios de actuación.

1. Xustificación:

De conformidade co artigo 372 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, o plan de inspección é un documento que establece as liñas xerais da actividade inspectora, e ten por finalidade determinar os obxectivos principais e as actuacións prioritarias para mellorar a calidade e a eficacia da disciplina urbanística ao servizo da cidadanía e garantir a obxectividade e a imparcialidade na actuación da entidade e organismo que a exerce.

No caso da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU), apróbase con carácter anual ou bianual un Plan de Inspección Urbanística para a determinación dos obxectivos e criterios de actuación prioritarios para o exercicio de oficio das competencias legalmente atribuídas polo artigo 10.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia. Quedan á marxe as competencias exercidas por delegación dos concellos adheridos á esta entidade, que se rexen polas cláusulas previstas no correspondente convenio de adhesión á APLU.

O dito plan de inspección apróbase polo Consello Executivo da APLU, consonte ao previsto no artigo 15.g) dos estatutos da APLU, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

O artigo 11 do actualmente vixente Plan de Inspección Urbanística da APLU para o bienio 2020-2021 (DOG núm. 149, do 27 de xullo de 2020) prevé a posibilidade de que a Dirección da Axencia dite as instrucións e ordes de servizo que resulten necesarias para a mellor execución do plan de inspección.

Ao abeiro destas previsións, enténdese necesario ditar unha instrución que clarifique o concepto de actuacións de "escasa entidade" que emprega o devandito plan





de inspección en varias ocasións ao longo do seu articulado para concretar as actuacións menos prioritarias.

2. Natureza xurídica desta instrución:

Esta instrución ou orde de servizo ten a natureza xurídica prevista no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, dítase ao abeiro do disposto polo artigo 26.3.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia, polo que só é de obrigado cumprimento para os órganos e unidades administrativas deste centro directivo.

Deste xeito, consonte ao artigo 37.3 desta última lei, non se consideran, en ningún caso, disposicións ditadas no exercicio da potestade regulamentaria.

Ademais, circunscríbese en exclusiva ao ámbito das competencias legalmente atribuídas á APLU e ten por obxecto aclarar e establecer unha liña prioritaria de actuación consonte a criterios obxectivos. En ningún caso supón a renuncia ao exercicio das competencias outorgadas pola normativa a esta entidade, senón que límitase ao establecemento dunha orde de prioridades na actuación da APLU para un máis eficaz e eficiente destino dos seus recursos materiais e humanos aos obxectivos e aos fins que lle son propios.

3. Concepto de “escasa entidade”:

Varios dos artigos do Plan de Inspección para o bienio 2020-2021 empregan o concepto indeterminado de “escasa entidade” como criterio que exceptúa ou matiza a prioridade de actuación de oficio da APLU.

Así por exemplo, o artigo 5.1 establece os criterios para priorizar as operacións de vixilancia e inspección do territorio para detectar as posibles infraccións, dentro do eido competencial da APLU, agás as de escasa entidade.

De igual xeito, os artigos 5.3 e 6.2 destinados a determinar a prioridade para a tramitación das infraccións detectadas e para a incoación de procedementos de reposición da legalidade urbanística alterada, tamén excepciónan as de escasa entidade.





Por outra banda, o artigo 8.3, apartado 1º, emprega este concepto para exceptuar da orde de prioridades para acordar a execución subsidiaria das ordes de reposición da legalidade urbanística alterada.

Por elo, faise necesario establecer uns criterios xerais que obxectiven a determinación do que debemos entender por actuacións de escasa entidade. Deste xeito, enténdese como actuacións de escasa entidade as que cumpran algún dos seguintes criterios:

- a) Obras en estado construtivo finalizado, cuxo custe de execución non exceda dos 6.000 euros.
- b) Obras executadas sen axustarse á licenza ou autorización urbanística autonómica, sempre que o desaxuste non supere en máis do 5% un dos parámetros da edificación esixidos no título, xa sexa o de volume, altura, superficie construída ou ocupación máxima permitidas e sempre que o desaxuste non implique o destino da edificación a un uso distinto do autorizado.

Estas regras serán aplicables agás que nos atopemos ante actuacións executadas sobre terreos afectados pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, ou situadas en solo rústico de protección de espazos naturais especialmente protexidos, de protección paisaxística e de protección patrimonial por estar afectados estes últimos polas rutas dos Camiños de Santiago normativamente delimitados, na liña de prioridades de actuación xa previstas no artigo 5.2 do Plan de Inspección ou en atención a outras prioridades que se poidan determinar coa modificación do plan vixente.

No caso de que nos atopemos ante actuacións executadas nestes terreos especialmente protexidos, terán preferencia os expedientes cuxo obxecto sexan obras e usos prohibidos pola normativa urbanística ou sectorial de costas aplicable ao concreto procedemento. Nos restantes supostos de actuacións executadas sobre estes terreos que carezan dos títulos administrativos habilitantes previstos pola normativa urbanística ou de costas, a prioridade de actuación da APLU virá determinada pola incidencia da obra ou uso do solo no menoscabo do terreo especialmente protexido.





4. Publicidade e entrada en vigor:

En prol dunha maior transparencia na xestión administrativa e da seguridade xurídica, procederase a súa publicación na páxina web oficial para que todas as persoas interesadas poidan coñecer os criterios que seguirá esta dirección xeral no exercicio das súas competencias en materia de disciplina urbanística, consonte ao previsto nos artigos 5 e 7.a) da Ley 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como nos artigos 6 e seguintes da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Esta instrución entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación na páxina web oficial da APLU.

Santiago de Compostela,
O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Jacobo Hortas García
Asinado dixitalmente na marxe

